
Os pronomes tónicos oblicuos libres *min* e *mí* nos cancioneiros trobadorescos

Henrique Monteagudo Romero
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

Data de recepción: 26/03/2019 | Data de aceptación: 13/06/2019

Resumo:

Como é sabido, ao lado dunha serie de formas átonas, no galego-portugués o pronome persoal de primeira persoa dispuña das formas tónicas oblicuas *min* e *mí*, que podían exercer as funcións de complemento directo e indirecto, ben rexidas pola preposición *a* ou ben sen preposición. Nos cancioneiros, as formas átonas poden aparecer representadas como <me>, <mi> e <m> en A e como <me>, <mi>, <mh> ou <m> en B /V, mentres que as formas tónicas aparecen como <mi>, <mĩ> <mī> ou <min> en A, e como <mi>, <mī>, <mĵ>, <mĵ>, <min> ou <mjn> en B / V. A diversidade de grafías e a ambigüidade dalgunhas delas deron lugar a frecuentes confusións sobre o sistema pronominal oblicuo de primeira persoa e sobre a interpretación precisa dalgunhas ocorrencias. No presente contributo concentrámonos nos problemas referentes ás formas *min* e *mí* oblicuas tónicas libres, isto é, sen preposición.

Palabras chave:

galego-portugués, gramática histórica, pronomes persoais, variación lingüística, cancioneiros trobadorescos.

Sumario:

1. {min} e {mí} tónicos oblicuos libres. Estado da cuestión. 2. {mí} tónico versus {mi} átono. 3. {min} / {mí} acusativo libre. 4. *min* dativo libre. 5. A posición do pronome na cláusula con verbo persoal. 6. Cláusulas con verbo non persoal e construcións causativas. 7. O testemuño doutros textos e documentos coetáneos. 8. Discusión. Casos dubidosos de {mi} / {mí}. 9 Conclusións.

The free stressed pronouns min and mí on the medieval Galician-Portuguese lyric song-books

Abstract:

As it is well known, besides to a set of weak forms, in Galician-Portuguese the personal first-person pronoun had the oblique strong forms min and mí, which could exercise the functions of direct and indirect complement, either as prepositional (governed by a) or as non-prepositional. In the manuscripts of cancioneros, the unstressed forms may appear represented as <me>, <mi> and <m> in A and as <me>, <mi>, <mh> or <m> in B / V, while the stressed forms appear as <mī>, <mỹ> <mĩ> or <min> in A, and as <mi>, <mĩ>, <mj>, <mj̃>, <min> or <mjn> in B, with the corresponding allographic variants. The diversity of spellings and the ambiguity of some of them have given rise to frequent confusions about the first-person oblique pronominal system, and about the precise interpretation of some occurrences. In the present contribution, we will focus on the problems related to min and mí as non-prepositional strong oblique forms.

Key words:

Galician-Portuguese, historical grammar, person pronouns, linguistic variation, medieval Galician-Portuguese lyric song-books.

Contents:

1. {min} and {me} oblique non-prepositional stressed forms. A review. 2. Strong {mī} versus weak {mi}. 3. Non-prepositional accusative {min} / {mi}. 4. Non prepositional dative {min}. 5. The position of the pronoun in the clause with personal verb. 6. Clauses with non-personal verb and causative constructions. 7. The testimony of other contemporary texts and documents. 8. Discussion. Doubtful cases of {mī} / {mi}. 9. Conclusions.

Como é sabido, no galego-portugués o pronome persoal de primeira persoa dispuña das formas tónicas oblicuas {min} e {mí}, que, rexidas pola preposición *a*, podían exercer indistintamente as funcións de complemento directo e indirecto¹. Este emprego é correlativo ao de *ti, el / ela ~ si, nós, vós, eles / elas ~ si* nas correspondentes persoas. Pero, a diferenza do que acontece no galego e no portugués europeo actuais (a situación do portugués do Brasil é distinta), estas mesmas formas podían aparecer tamén sen preposición². Na presente achega centraremos neste uso de {min} e {mí} como formas libres, isto é, sen preposición. A forma típica e máis recoñecible é a primeira, dado que a súa representación gráfica, <min>, <mī> —coas correspondentes alografías: <mim>, <mj>, <mỹ>, ...— é inequívoca. Cando se rexistra a variante nasalizada, {min}, non temos dúbida de atoparnos ante a forma tónica, mais ante unha grafía de tipo <mi> (con variantes alográficas como <mj> ou <my>), non sempre é doado determinar se representa unha forma átona ou tónica. Por parte, como decontado explicaremos, as grafías <mh> dos apógrafos italianos e dalgúns textos portugueses en prosa remiten sen dúbida a unha forma átona.

O presente traballo constitúe unha achega preliminar ao estudo da variación nas formas átonas dos pronomes persoais de primeira e terceira persoas do singular {me} ~ {mi}; {lle, lles} ~ {lhi, lhis} e {xe} ~ {xi}, estudo que nunha parte está en proceso de publicación (Monteagudo no prelo) e outra aparecerá proximamente. Imos resumir as conclusións deste contributo nos aspectos que nos interesan agora. Nos cancioneiros enxérganse dous sistemas diferentes. No cancionero da Ajuda (A) rexístrase unha única forma oblicua {me} para o acusativo e o dativo, esta forma presenta tres alomorfos en distribución complementaria condicionada polo contexto fonético: o alomorfo pleno {me} aparece ante consoante ou pausa, o alomorfo reducido {m} xorde ante as vogais *e-* ou *i-*³, mentres que ante as vogais *a-* e *o-* o máis frecuente é atopar ese mesmo alomorfo {m} como acusativo e o asilábico {mī} como dativo, aínda que calquera dos dous pode aparecer como acusativo ou dativo. Estes alomorfos veñen representados na escrita respectivamente como <me>, <m> e <mi>. As escasas ocorrencias que aparecen en A de {mi} dativo pleno, isto é, ante consoante ou pausa, serán discutidas máis adiante (§8).

1 No presente traballo representaremos entre chaves, {min} e {mí}, os morfemas correspondentes ás formas pronominais, para evitar confusións coas diversas representacións gráficas correspondentes, que representaremos entre parénteses angulares: <mj>, <mim>, etc. Cando non exista posibilidade de dúbida ou non teñamos necesidade de precisión, presentaremos as formas en cursiva.

2 Ademais, en contextos sintácticos moi determinados, *min* – *mi* e mais *ti* tamén podía funcionar como suxeito, pero este emprego non é obxecto do noso estudo.

3 Non contamos os raros rexistros ante a vogal *u-*, en que aparecen os tres alomorfos.

Nos cancioneiros da Biblioteca Nacional (B) e da Biblioteca Vaticana (V) a situación é máis confusa, pero aínda así pode enxergarse un sistema en que a forma plena de acusativo é {me}; para o dativo a máis frecuente é {mi}, esta pero alterna libremente coa menos frecuente {me}; mentres que os dous alomorfos de ambas, o reducido {m}, representado como <m>, e o asilábico {m̄}, representado nestes cancioneiros como <mh>, aparecen cunha distribución contextual análoga á sinalada en A. No noso traballo inédito sobre as devanditas formas mostramos que o sistema do cancioneiro da Ajuda corresponde ao que se reflicte na xeneralidade dos textos galegos coetáneos, incluíndo as *Cantigas de Santa Maria*, mentres que o que se rexistra nos apógrafos italianos responde ao que se observa nos textos portugueses.

Vexamos como ilustración uns versos de Martin Soarez e Pero da Ponte en que aparecen as formas que máis nos interesan, onde salientamos as formas relevantes de A e B⁴:

[A63] Nunca tan coitad'ome por moller / foi com'eu por ùa que **me** non quer / fazer ben, pero se **mi**-o non fezer / é cousa guissada / de non viver nada: / se **me** Deus non der / [ben da] ben tallada / nen vida longada / non **mi-á min** mester. / E mellor **me** seria a **mī** de morrer / ... E poi-la eu vi, senpr'a vi punnar / en **me** de seu preito e de sí quitar / mais agora ja, por **me** mais coitar / por ende **me** disse / que a nunca visse.

[A 289] Se eu podesse desamar / a que **me** senpre desamou, / e podess' algun mal buscar / a quen **me** senpre mal buscou. / Assi **me** vingaria eu, / se eu podesse coita dar / a quen **me** senpre coita deu / [...] Mais rog' a Deus que desampar / a quen **m'** assi desanparou.

[B174] Nunca tan coitad'ome por molher / fui com'eu por hunha que **mj** non quer / fazer ben, pero se **mh**-o non fezer / é cousa guisada / de non viver nada: / se **mj** Deus non der / ben da ben talhada / nen vida longada / non **mh-á mj** mester / E melhor **mj** seria a **mj** de morrer / ... E poi-la eu vj sempr'a vj punhar / [en] **me** de seu preyto e de sí quitar / mais agora ja, por **me** mays coytar, / por ende **me** disse / que a nunca visse.

[B 980] Se eu podesse desamar / a quen **me** sempre desamou, / e podess' algun mal buscar / a quen **mj** sempre mal buscou. / Assi **me** vingaria eu, / se eu podesse coita dar / a quen **mj** sempre coita deu / [...] / Mais rog' a Deus que desenpar / a quen **mh**-assi / desemparou.

4 Nos exemplos normalizamos os textos (incluíndo os aspectos gráficos), pero reproducimos as formas relevantes coas grafías dos manuscritos. En todos os casos, as cursivas son nosas.

O presente contributo insírese nunha liña de investigación que ten como obxecto o estudo da variación scriptolingüística nos cancioneiros trobadorescos galego-portugueses e a contextualización desta no seu marco histórico e nos parámetros diacrónicos, diatópicos e diafásicos correspondentes. Porén, atopámonos con que os pronomes persoais tónicos oblicuos libres estaban escasamente estudados, de xeito que a análise desta cuestión nos levou máis lonxe do que inicialmente previamos. Por esta mesma razón xulgamos que podía ter interese publicar o resultado da nosa pescuda. Xa que logo, o que ofrecemos a seguir é unha aproximación preliminar, emprendida co propósito de establecer co maior grao de certeza posible, ante grafías de tipo *mi* ou *mj*, se representan un pronome tónico {mí} ou un átono {mi}.

Para a localización dos rexistros que serviron de base para o presente traballo servímonos inicialmente do glosario da plataforma Universo Cantigas (GLOSSA), pero posteriormente tivemos que facer unha pescuda directa sobre as edicións paleográficas e cotexas coas reproducións fotográficas dos propios testemuños. As fontes empregadas para a exploración doutros textos son indicadas nos lugares correspondentes.

1. {min} e {mí} tónicos oblicuos libres. Estado da cuestión

Un dos primeiros filólogos que se referiu ás formas que nos ocupan foi Manuel Said Ali, que observou que “anteriormente [...] ao período dos quinhentistas, os nosos escritores empregavam as formas oblíquas tónicas como acusativo enfático, dispensando a partícula *a*” (1966⁶: 94). Tanto este autor como Epiphanyo da Silva Dias (1970⁵: 71), José Joaquim Nunes (1975⁸: 238, nota), Joseph Huber (1986: 174) e Rosa Virgínia Mattos e Silva (2008: 102-103) citan exemplos de pronomes acusativos tónicos libres en textos trobadorescos e obras en prosa dos séculos XIV e XV. Clarinda de Azevedo Maia, no estudo da documentación notarial galega e do noroeste de Portugal que ela mesma editou, indica: “Foram também recolhidos vários exemplos de emprego de algumas formas tónicas na função de objecto directo, não dependentes da subordinação a qualquer preposição”, e a seguir sinala: “na maior parte dos casos, trata-se de frases com duplo complemento directo” (1986: 667).

Entre os estudosos que trataron especificamente destes pronomes nos cancioneiros trobadorescos, cómpre citar en primeiro lugar a Oskar Nobiling. Na recensión da edición do *Cancioneiro da Ajuda* de Carolina Michaëlis, Nobiling (2007 [1907]) trata en primeiro lugar das formas {vós} e {vos} –a segunda frecuentemente representada en A como *vus* ou *v₉*– e sinala que “os pronomes de caso oblíquo tónicos não eram usados, como hoje, apenas depois de preposições”. A seguir, refírese en xeral aos pronomes persoais e nota que as formas tónicas oblicuas poden

aparecer sen preposición “como objeto directo em qualquer lugar da oração, caso haja ênfase nele”, excluindo así –erroneamente, como mostraremos– as formas de dativo: “em função de dativo tem apenas a forma átona, a tónica só se precedida da preposição *a*” (2007: 177).

Nesa liña, e xa tratando dos pronomes de primeira persoa, Nobiling propón que nas edicións modernas dos textos trobadorescos se diferencie mediante til os pronomes *mi, ti, si* átonos de *mí, tí, sí* tónicos, apuntando: “os primeiros encontráanse em todos os manuscritos ao lado de *me, te, se*, de maneira que *me, te, se* têm predominantemente función de acusativo e *mi, ti, si* átonos función de dativo”. Asemade, chama a atención sobre “as variações dos diversos manuscritos, na medida em que *mi, ti, si* átonos podem ser substituídos por *me, te* (também *che*), *se* (também *xe, xi*) e *mí* tónico cede muito freqüentemente lugar a *min*” (Nobiling 2007: 177-178). Por parte, argumenta sobre as grafías de tipo *min* no lugar do átono *mi* —que considera grafías erróneas— poñendo por caso os nosos exemplos 27, 32 e 80. Ao seu parecer, neses contextos “são necessários o dativo e a forma átona, ou seja, *min* tem de ser corrigido por *mī*” (*ibidem*).

As observacións de Nobiling son moi agudas, pero non totalmente acertadas, pois, como el sinala, *mi* o representa en A tanto {mí} acusativo tónico coma {m̄i} oblicuo átono, pero non se decatou de que no segundo caso aparece só como alomorfo asilábico, contextualmente condicionado, de {me}, tal como se explicou e ilustrou na introdución (véxase *mi-o* e *mi-á* no texto de A63, e compárese con *mh-o* e *mh-á* de B174). Por isto mesmo, non foi capaz de enxergar que A e B / V reflecten cadanseu sistema, e precisamente o que diferencia a ambos os sistemas é o uso en B / V de {m̄i} átono pleno como dativo ante pausa e consoante, uso descoñecido en A (salvo moi escasas excepcións, véxase §8), como xa indicamos e como se pode comprobar comparando os textos antes aducidos (A63 / B174 e A289 / B980).

Pola súa banda, Carolina Michaëlis tratou dos pronomes que nos ocupan no glosario do *Cancioneiro da Ajuda* (1920: 55, 56 e 94). Canto a {m̄i}, acertadamente considéraa “forma tónica do caso oblicuo do pron[ome] pess[oal], usada não só depois de preposições [e] conjunções de comparação, mas também como objecto directo”. A estudosa insiste en que “enfáticamente, serve de complemento directo” e, engade, de dativo ético (1920: 55). No tocante a {min}, indica que “exerce función de complemento directo” —á vista dos exemplos, sobreenténdese sen preposición—, onde “hoje a substituiríamos por *me*” e mais tamén “onde equivale a un complemento indirecto”, para a seguir discutir a lectura dalgúns textos que tocamos máis adiante (exemplos 27, 32 e 80), tendo en conta as observacións que debullara Nobiling (1920: 56). Aínda volve sobre estes pronomes na entrada que dedica a *vos*, recollendo máis exemplos da forma “absoluta” —isto é libre— de *mi*

“em lugar da conjunta”, isto é, rexida de preposición (1920: 94). Os mesmos reparos que puxemos a Nobiling canto á confusión entre {mi} átono pleno e {m̄i} asilábico poden ser aplicados aínda con máis razón a dona Carolina: se ambos reparasen con máis atención nas grafías dos apógrafos italianos e cotexasen as de tipo <mi> de A coas de <mh> de B / V, obviarían o erro.

Pola súa banda, Ana Maria Martins (1994: 202-213), despois dunha revisión sumaria dos autores citados, distingue as formas tónicas en función de obxecto directo e en función de obxecto indirecto, chamando a atención sobre estas últimas, que foran mencionadas por primeira vez, moi de pasada, por Huber (1986: 174). Canto ás primeiras, Martins diferencia as construcións que serían semanticamente equivalentes ás de redobro do clítico, nas cales recae sobre o pronome unha focalización enfática (estas son as que nos ocupan na presente achega), doutras, superficialmente idénticas ás anteriores, que se dan exclusivamente na terceira persoa –e por tanto non son relevantes para o presente estudo–, en que “a ênfase não está em causa” e serían equivalentes ás de clítico acusativo⁵. Canto ás formas tónicas en función de obxecto indirecto, Martins sinala que estas están “raramente atestada[s]” (1994: 212).

O único traballo específico sobre as formas en foco (Stengaard 2003) –no cal se ignora a achega previa de Martins– estas son analizadas na perspectiva da gramática diacrónica, explorando a hipótese de que “el uso de los pronombres tónicos oblicuos sin preposición que encontramos en los textos gallego-portugueses medievales, puede ilustrar una etapa en la serie de cambios que acaba por imponer la restricción preposicional en las lenguas iberorrománicas [*a diferenza do que acontece noutras linguas románicas, coma o francés ou o italiano*], y puede darnos indicaciones sobre la cronología relativa de estos cambios” (2003: 425). Neste estudo indícanse con maior precisión ca nos traballos anteriores as condicións contextuais en que aparecen os casos típicos: “el pronombre forma parte de algún tipo de coordinación con un elemento tónico que condiciona la tonicidad del pronombre [...] Se trata de coordinación por medio de la conjunción *e(t)* [...] de aposición [...] o de construcciones paralelas, que podríamos llamar de contraste [...] también de consideraciones de la rima” (2003: 427). Está claro, pois, que, ao menos no referente ao acusativo, non se trata unicamente de focalización enfática, senón dunhas determinadas estruturas sintácticas.

5 Exemplos do segundo tipo serían: “leixarei *elle*”, “desqui vi *ela*”, “damos *ela* a vós” (Martins 1994: 204-205). Canto a estas, a autora subliña: “só encontramos exemplos desta construción em documentos do Noroeste de Portugal, não aparecendo um único exemplo nos da região de Lisboa” (Martins 1994: 209). Refírese aquí á documentación que tivo en conta para o seu estudo, posteriormente publicada en Martins 2001.

Non obstante, esta valiosa achega está pexada por algunhas eivas, coma tal: a relevancia que lle outorga ao «ritmo prosódico» (Stengaard 2003: 425 e 427) –elemento pouco definido e difícil de verificar nos textos medievais–; o descoñecemento da distinción que establecera Martins entre os usos enfáticos –chamémoslle así– que poden darse en calquera das persoas e os usos equivalentes ao clítico na terceira persoa (2003: 429); e a errónea asunción de que existía unha forma acusativa átona e plena {mī}, sen reparar en que se trata dun alomorfo asilábico {m̄i} que aparece nas precisas condicións contextuais que antes especificamos (2003: 427)⁶. No seu descargo cómpre ter en conta que nos textos en prosa, menos atentos ca os versificados á reprodución da cadea falada, a aparición do alomorfo asilábico {m̄i} é infrecuente e asistemática. Canto ao {min} dativo libre, esta autora salienta a rareza da súa aparición, subliña as dificultades para a súa identificación (de feito, ofrece un exemplo erróneo, (j), na páxina 428: “damos vos estas cousas”) e nos dous exemplos inequívocos que cita (ambos en textos trobadorescos: véxase infra 31 e 36), chama a atención sobre o feito de que non se trata de auténticos complementos indirectos (referidos a un terceiro actante), senón de dativos éticos. Non obstante, como veremos, si que se rexistran usos de {min} dativo en función de complemento indirecto.

Finalmente, nas súas conclusións, Stengaard, retomando a hipótese de Carmen Pensado (1995), defende que os textos galego-portugueses reflicten un estadio intermedio no proceso de desenvolvemento do obxecto directo preposicional –que o castelán levaría a pleno termo–, a partir da creación no latín falado dun obxecto indirecto pronominal con preposición, *ad* + pronome. Sen entrarmos na discusión sobre este complexo proceso, que nos levaría lonxe do foco do presente artigo, permitímonos suxerir que a escasa frecuencia da aparición nos nosos textos das formas tónicas libres de dativo, comparada coa moito máis elevada das de acusativo, pode estar relacionada co feito de que na época o complemento indirecto expresado por unha frase nominal plena (con núcleo substantivo) esixía marcaxe preposicional con *a*, mentres que o complemento directo expresado por unha frase nominal plena non levaba preposición. Por outra banda, semella relevante chamar a atención para o feito de que as condicións que no galego-portugués propiciaban a aparición de formas tónicas libres do acusativo (énfase, estruturas de coordinación ou contraposición, ...), non rexían para as de dativo.

6 Como xa indicamos, este último erro veu, sen dúbida, provocado pola confusión que xera o alomorfo asilábico {m̄i} do acusativo átono, que aparece ante as vogais a-, o- da iniciais da palabra seguinte e que vén representado por <mi> nos textos primitivos portugueses e nos galegos en xeral (pero nótese a significativa representación <mh> nos textos portugueses desde os finais do século XIII, adoitado normalizada en <mi> polos editores).

2. {mí} tónico versus {mi} átono

Como antes sinalamos, as grafías de tipo *min*, que ofrecen unha representación clara de nasalidade –vocálica ou consonántica, iso non ten relevancia para o noso obxecto–son inambiguas. Porén, dunha banda nas edicións modernas adóitase homoxeneizar as grafías <mh> e <mj> – <mi> de B / V en *mi*, ignorando o seu valor distintivo, e doutra banda, como se dixo, os manuscritos conteñen grafías de tipo <mi> – <mj>, sen representación de nasalidade, e nestes casos dáse homografía entre as representacións das formas tónica {*mí*} e átona {*mi*}, de xeito que a interpretación a favor dunha ou doutra pode ser problemática. En caso de dúbida, necesariamente hai que acudir ás reproducións dos manuscritos ou ás edicións diplomáticas destes, xa que, por vía da regra, as edicións modernas non axudan. Así, ante leccións <mj> – <mi> de B / V, como as seguintes, en principio debemos pensar que nos atopamos ante formas tónicas do pronome, pois outramente, ante a vogal a– o esperable sería que aparecese a grafía <mh> representando o alomorfo asilábico (1 e 2), ou ben <m>, con elisión da vogal (3)⁷:

1. min pres forçadamente' Amor / e fez *mí* amar que nunc'amou (B37 <mj>)
2. poys me vos Deus por amigo deu / e *mí* a vos por amiga (B665bis / V268 <mi>)
3. E el vyu *mí* en mal dia por sy (B1194 / V799 <mi>)

Moito máis difíciles de resolver son os abundantes casos en que B e V ofrecen grafías de tipo <mj> – <mi> en posición anteconsonántica, que poden ser interpretadas como tónicas ou átonas. Non son raras as ocorrencias en que A ofrece unha das variantes e B / V outra, o que pode deberse a que cada un dos ramos da tradición rexistra un alomorfo distinto, pero tamén pon en alerta sobre un fenómeno corrente e potencialmente perturbador, isto é, que a ausencia de til nun deles se deba ao *usus scribendi* ou mesmo a un lapsus do copista:

4. E os que esto creud'an, Amor non os ten / en qual coita *mĩ* faz sofrer (A19 / B112 <mj>)⁸
5. rog'a Deus que ten en poder *mĩ* e vós (B 238bis / A123 <mi>)⁹

No exemplo 4, ante a lectura de B, se non fose polo testemuño de A, dificilmente se podería sospeitar que se trata dunha forma tónica. Pola contra, nunha construción

7 Nos exemplos, as cursivas son engadidas para chamar a atención sobre os pronomes a que nos referimos.

8 Dona Carolina propón aquí ler “coit'a min” (1920: 56), o que, á vista do que exporemos en §6, nos parece innecesario.

9 A diverxencia entre {*mí*} e {*me*} é moito menos frecuente. Véxanse máis abaixo exemplos 72-74.

como 5 non hai dúbida, pois, como sinalan algunhas estudosas xa citadas, as construcións de coordinación e/ou correlativas ofrecen os contextos típicos para a aparición da forma tónica libre do acusativo. Igualmente, as grafías de tipo <mi> ante consoante en A deben remitir á forma tónica, pois como dixemos neste cancionero só moi excepcionalmente se rexistra {mi} átono pleno como dativo; a pesar do cal persisten algunhas dúbidas (véxase o que se di máis adiante §8). Por outra banda, ás veces o problema consiste non tanto (ou non só) en decidir sobre a forma do pronome, senón sobre hipotéticas lecturas alternativas, como mostra o seguinte exemplo:

6. ca sey q̄ sse fora matar / ante q̄ a mĩ fazer pesar (B563 / V166) [que a min? ca min?]

Máis adiante discutiremos outros casos dubidosos (§8), agora imos tentar botar luz sobre a cuestión estudando en primeiro lugar o comportamento da variante nasalizada {min}, que ofrece menos dúbidas, e a partir de aí poremos o foco nas ocorrencias de {mĩ} non nasalizado que parecen máis claras, para pasar logo a considerar as ocorrencias máis dubidas.

3. {min} / {mĩ} acusativo libre

Retomando e sistematizando as observacións dos estudosos e estudosas que antes citamos, a forma libre {min} do acusativo pode aparecer nos seguintes valores e contextos:

- a) Con valor enfático, en contrastes ou correlacións:

7. mia senhor, quen me vós guarda, guarda *min* (B413 / V24)

- b) En construcións de coordinación, en que pode ter un matiz intensificativo ('a min mesmo') ou, pola contra, adversativo ('a min e non a outro'):

8. cosecen *min* os que amor non an, e non cosecen sí (B873 / V 457 = B885bis / V469)
9. mais *min* e tí poss'eu ben defender (B1501¹⁰)
10. que el cofonda vós e vosso sén e *min*, senñor [...] assi que confonda, señor, *el* muit'e vós e *min* [...] e Deus cofonda mĩ poren e vós, señor, e *eles* (A116 / B232: <e mj>, <e m̃j>, <mj>)
11. eu non quero *min* nen *al* atan gran ben come vós, mia señor (A274)

10 B reza: "Mays a mĩ e a ti poss'eu bẽ defender", pero a métrica esixe a supresión das preposicións, xa proposta por Nobiling (2007: 115), e aplicada tamén na edición do Projeto Littera.

c) En contextos en que o pronome aparece acompañado dun complemento predicativo ou unha aposición, que pode ir expresada por unha oración de relativo:

12. que *min* en poder ten (B617 / V218 e B891 / V475)
13. leixou *min*, que servía (B937 / V525)
14. provou *min* por leal amador (B1094 / V685)
15. queredes vós *min* por entendedor? (B1098 / V689)

Tal como indica Martins (1994: 203-204, 207) para o portugués, no galego actual nos usos de tipo a) e b) empregariamos unha estrutura de redobro, replicando o pronome átono cun tónico precedido de preposición: ‘quen *vos* garda a *vós*, tamén *me* garda a *min*’, ‘nin poder aconsellarme a *min* nin poder aconsellarse a *si*’, ... No uso de tipo c), no galego actual utilizaríamos o pronome átono, que nalgún caso pode precisar o reforzo do tónico: ‘que me ten en poder’, ‘deixoume a *min*, que a servía’, ‘proboume por leal amador’... As estruturas de redobro non eran descoñecidas na lingua medieval (Martins 1994: 204), incluso con pronomes oblicuos libres:

16. Diseron-vos, fremosa mia senhor,/ que *me* non mata *min* o voss’amor (B999 / V588)

Analogamente, a forma {*mi*} tónica tamén pode cumprir a función de complemento directo con valores e en contextos sintácticos idénticos aos sinalados:

a) Con valor enfático, especialmente en contrastes, comparacións e correlacións, en ocasións con sentido adversativo:

17. guardaredes i *voss’om*, se guardades *mi* (A58 / B169; en rima con *assí*)
18. a que mi faz querer mal *mi medês* (B523 / V106)
19. non am’eu *mha senhor*, mais amo *mi* (B953 / V541)
20. non sabe *al* querer *senon mi* (B802 / V386)

b) En coordinacións, tamén con sentido contrastivo ou correlativo:

21. que amades ja *outra* e *mi* non (B819 / V403)
22. como poderei guardar de morte *meu amig’e mi* (B1198 / V803)
23. perdestes per y *mi* e eu *vós* (B1234 / V839)

c) En contextos en que o pronome aparece acompañado dun complemento predicativo ou unha aposición:

24. senon que matades *mí*, pecador, / que vos servi sempre... (B499 / V82)¹¹
25. Mais, pois me vós Deus *por amigo* deu / e *mí* a vós por amiga (B665bis / V268)
26. non sacou ende *mí*, que a fodia (B1368 / V976)

4. *Min* dativo libre

Por outra banda, como xa foi indicado, *min* tónico pode funcionar tamén como dativo. Na maior parte dos casos, as formas levan a marca gráfica de nasalidade:

27. por *min* fazedes vós ben (B44 <mj̃>)
28. nunca no corazón entrou / de *min* fazedes, senhor, senon mal (B535 <mĩ̃> / V138 <mj̃>)
29. Amigos, cuyd sempre eu en mha senhor / por lhi fazer prazér / pero dírey que *min* ven en cuydar (B1075 <mim> / V 665 <mi>)
30. ca *min* dizen que non / pode guarir (B1505 <mĩ̃>)
31. en tal que se *min* non queixasse (B1593 <mj̃> / V1125 <mĩ̃>)

Non obstante, non son raros os casos en que a marca falta nos testemuños da rama dereita da tradición manuscrita, representada por B e V:

32. Deus non quer que *min* queirades / crear la coita que me por vós ven (A52 <min> / B164 <mj̃>)
33. mais cuid'en quanto mal *mĩ* ven, / cativ', e mal día naci! (A82 <mĩ̃> / B186bis <mj̃>)

En tres casos máis, a forma aparece nun contexto sintáctico moi específico, en que se verifica un redobro do pronome, cunha forma átona proclítica e a tónica á dereita do verbo:

34. non *mi* á *min* prol (A31 <nō mia mĩ̃> / B146 <mha mj̃>)
35. nen vid'alongada / non *mi* á *min* mester (A63 <non mia min> / B174 <nō mh amj̃>)
36. ca destas coitas qual xe quer / *m'*é *min* mui grave d'endurar (A78 <me mĩ̃> / B181ter <ea mj̃>)

Na liña da observación adiantada por Stengaard, é de notar que nestes casos (34-36) o dativo non funciona como complemento indirecto, senón como un dativo de

11 En paralelo con estes versos, na estrofa seguinte da mesma composición dise: “des i é cousa mui descomunal, / de matardes *min*, que merecedor nunca vos foi de mort[e]”.

interese. Por outra banda, tamén chama a atención o feito de que no noso corpus {*min*} dativo libre como complemento indirecto se rexistra unicamente en cláusulas subordinadas, nunca en cláusulas matrices, observación que vén confirmada polo que máis adiante veremos (§8).

Doutra banda, aínda que non faltan en B / V exemplos de *min* libre dativo, os catro casos en que A rexistra <*mī*> – <*min*> mentres que B e V responden con <*mj*> (32-33 e 35-36) convidan a pensar que esas formas nasalizadas puideron ser reinterpretadas como {*mi*} átono no proceso de copia do antecedente dos apógrafos italianos, tendo en conta que no sistema pronominal que reflicten B e V {*mi*} funcionaba como clítico dativo. Ademais, se reparamos na cronoloxía dos autores que compuxeron as composicións en que aparecen todas estas formas¹², comprobaremos que, salvo D. Denis, todos eles estiveron activos no século XIII, e, na medida en que podemos precisar máis, escribiron máis ben cara ás décadas centrais que non cara ás finais dese século. Os datos que ofrecemos máis adiante (§7) convidan a pensar que o uso de {*min*} dativo libre, xa escaso na segunda metade do século XIII e primeira década do XIV, caeu na obsolescencia moi pronto, pois só temos constancia de dous rexistros posteriores a 1308¹³. No mesmo sentido apuntan os datos que ofrecemos máis adiante sobre o uso destas formas en construcións causativas (§7): concretamente os únicos exemplos de {*mi*} e {*min*} como suxeitos de verbos causados transitivos rexístranse en trobadores de cronoloxía especialmente recuada, como Osoyro Eanes (B37; exemplo 1) e Fernan Rodriguez de Calleyros (B53; exemplo 37).

Do devandito parece deducirse que aínda que no período preliterario puido existir unha forma libre {*mī*} de dativo, esta caera na obsolescencia xa na segunda metade do século XIII¹⁴. Pero, por outra banda, os casos de diverxencia entre as dúas ramas da tradición (unha presentando variantes sen indicación de nasalidade e a outra con ela) permiten conxecturar que algunhas ocorrencias de *mi* en B / V puideran

12 Son Nuno Fernandez de Mirapeyxe: B44, Pay Soarez de Taveyros: B146, Martin Soarez: B164 e B174, Pero Garcia Burgales: B186bis, D. Denis: B535, Johan Servando: B1075, Vasco Perez Pardal: B1505, Pero Amigo de Sevilla: B1593.

13 Trátase de dúas ocorrencias sinaladas por Martins (1994: 212), datadas en 1321 (da primeira persoa) e 1353 (da terceira persoa): “que *mj* paguedes outras Cimquoeenta libras de pãa”, “que as *el* demos”.

14 Ao menos, isto suxire o único exemplo que rexistramos, que aparece nunha carta foral dada por Afonso III en 1255: “fazedo ende *mi* & a todos meus sucessores estes foros davanditos” (Souto Cabo 2008: 276 (doc. nº 291). Noutras dúas cartas forais coetáneas, as construcións correspondentes son “fazedo ende a *mi* & a todos meus sucessores” (nº 290) e “fazedo *mi* ende a *mi* e a todos meus sucessores” (nº 292). Por parte, no exemplo 1 podemos ver tamén unha forma {*mī*} de dativo, pois é o que nunha construción causativa esixe un verbo causado transitivo co obxecto directo expreso. Nótese que presumiblemente se trata dunha das cantigas máis antigas dos cancioneiros, correspondente a un autor, Osoyro Eanes, que viviu nas primeiras décadas do século XIII.

corresponder a formas tónicas libres do seu antecedente, e que a falta do til se puidera deber a accidentes do proceso de copia. Un argumento de peso en contra desta hipótese é que o hipotético {mí} dativo libre non se rexistra en A, sendo que neste cancionero a súa existencia non pasaría desapercibida, xa que non existe a posibilidade de confusión cun {mi} clítico dativo inexistente nese cancionero, coas escasísimas excepcións e dúbidas que máis adiante sinalaremos (véxanse exemplos 69-70, 72, 75 e 76 e as observacións que tecemos en §8).

5. A posición do pronome na cláusula con verbo persoal

Unha cuestión en por si interesante, e que foi explorada pensando que podería axudar a esclarecer casos dubidosos, é a da colocación destas dúas formas pronominais na cláusula. Falando en xeral, e sempre tendo en conta que o seu carácter tónico as fai relativamente autónomas e que a lingua poética puido aproveitar esta característica para actuar con liberdade en función de conveniencias de metro, rima e estilo, observamos unhas pautas bastante regulares. Na táboa 1 incluímos os casos que demos rexistrado. Salvo erro, tivemos en conta todas as ocorrencias, senón as que acontecen en construcións causativas con predicado causado en infinitivo, que trataremos á parte (táboa 3).

	ACUSATIVO						DATIVO	
	V + <i>min</i>	V + <i>mí</i>	V + P	<i>min</i> + V	<i>mí</i> + V	P + V	V + <i>min</i>	<i>min</i> + V
Cláusula matriz	14	10	24	4	–	4	4	–
Cláusula con conxunción	17	14	31	6	2	8	–	5
Subordinada de infinitivo	5	9	14	11	3	14	–	5
TOTAL	36	33	69	21	5	26	4	10

Táboa 1. Posición do pronome tónico *min* / *mí*, acusativo e dativo, en relación ao verbo, en cláusulas matrices, cláusulas introducidas por conxunción e subordinadas de infinitivo, nos cancioneros trobadorescos. Fonte: elaboración propia.

As formas libres de acusativo {min} – {mí} aparecen con moita máis frecuencia á dereita do verbo (exemplos 2-4, 10-11 e 13-26, 42-43), aínda que non é excepcional a colocación á esquerda. Non obstante, nótese que a colocación á esquerda só é relativamente frecuente en contextos específicos: en cláusulas subordinadas (12, 39) ou, sobre todo, en complexos verbais ou cláusulas co verbo en infinitivo (9). Só neste último tipo de estruturas, a posición á esquerda do verbo

é igual de frecuente ca a alternativa. Por outra banda, a posición inicial absoluta só se dá nos casos de focalización (véxase *supra* exemplo 1, coa cláusula iniciada por *min*, e *infra* exemplos 37 e 45, este último de {el}). A posición á dereita do verbo de {min} – {mí} acusativo rexístrase en todo tipo de cláusulas (matrices e subordinadas, afirmativas e negativas), e non está influída pola presenza á esquerda do verbo de elementos pro-enclíticos como cuantificadores e adverbios, tal como se pode ver nos exemplos 5, 8, 10, 11, 17, 21, entre outros. Téñase en conta que as ocorrencias destas formas con *querer* na acepción de ‘sentir cariño por’ foron contadas dentro da categoría de acusativo, e precisamente en cada un dos cinco casos que se rexistra, o pronome vai á dereita do verbo (exemplos 11, 18, 20). No mesmo sentido, nótase como no exemplo 18 o suxeito de *querer* como verbo causado nunha construción causativa selecciona o caso dativo {mi}; se o verbo fose intransitivo, esperaríase o acusativo {me} (véxase sobre isto o apartado seguinte).

Pola contra, a colocación do {min} dativo é moito máis rixida: categórica á esquerda do verbo nas cláusulas introducidas por conxunción e nas subordinadas de infinitivo, incluídos os complexos verbais (exemplos 27 a 33 *supra*); pola contra, á dereita do verbo nas cláusulas matrices, nas construcións de redobro con función de dativo ético (exemplos 34-36).

6. Cláusulas con verbo non persoal e construcións causativas

Mención á parte merecen os complexos verbais formados por un verbo principal que domina unha cláusula en función de obxecto directo co verbo en infinitivo e as subordinadas de infinitivo introducidas por preposición. Nos complexos verbais, o verbo principal máis frecuente é *poder* (nove ocorrencias), seguindo en frecuencia por *querer* (catro ocorrencias), e despois, con un ou dous exemplos, os verbos *cuydar*, *mandar*, *veer* e *viñr*. Como se pode ver na táboa 2, nestes complexos oracionais existía unha ampla marxe de liberdade, aínda que se constata unha clara preferencia pola a colocación á dereita do verbo principal.

	<i>min</i>	<i>mí</i>	Pro + V + Inf	V + Pro + Inf	V + Inf + Pro	Total
Acusativo	16	12	5	6 + 2 = 8	6 + 9 = 15	28
Dativo	5	–	1	4	–	5
TOTAL	21	12	6	12	15	33

Táboa 2. Posición dos pronomes tónicos *min* e *mi* en cláusulas subordinadas de infinitivo e complexos verbais. (Pro: Pronome, V: Verbo, I: Infinitivo)

Outro contexto que consideramos separadamente é o das construcións causativas en que {min} – {mí} aparecen como complemento do verbo causante (principal) e suxeito dun verbo causado (infinitivo subordinado), que pode ser transitivo ou intransitivo. Este tipo de construcións do galego-portugués medieval foron obxecto de varias achegas de distinto nivel de profundidade e desde diferentes perspectivas. Especialmente importantes son Martins 2004 e Sousa 1998, 2005 e 2012, e moi especificamente, polos datos e observacións sobre os pronomes persoais involucrados, Silva 1997. De todos os xeitos, ningún deles presta unha atención específica ás construcións en que o pronome involucrado é o de primeira persoa, que teñen unha problemática particular. O verbo causativo típico é *fazer*, abundantemente documentado nos cancioneiros: rexístranse arredor de duascentas ocorrencias de construcións causativas en que este verbo rexe os pronomes átonos *me / mi*. Estas adoitan seleccionar para o pronome o caso acusativo (*me*) cando é suxeito dun verbo causado intransitivo, e o caso dativo (*mi*) para o suxeito dun verbo causado transitivo, ben que, neste último caso, se rexistra alternancia entre *mi* e *me*. Canto ás construcións causativas con *leixar*, tamén bastante frecuentes (noventa e catro ocorrencias rexendo o pronome átono de primeira persoa), é xeral o uso de *me*, tanto que o verbo causado sexa transitivo como intransitivo, aínda que con verbo causado transitivo acompañado dun complemento directo expreso, {*mi*} rexístrase ocasionalmente. Todas estas construcións son discutidas nun traballo que publicaremos en breve.

Con pronome tónico {min} – {mí} oblicuo rexístranse nove construcións causativas, con verbos causantes *fazer* e *leixar* (táboa 3, exemplos *infra* 37 a 42). En dúas delas, o predicado causado é transitivo, nas demais é intransitivo: así, rexístranse sete ocorrencias co verbo *viver* e unha con *morrer*. Nestas construcións o máis frecuente é que o pronome se coloque entre o verbo finito causante e o verbo infinito causado (catro ocorrencias: véxase exemplos 38, 39, 41), pero tamén pode ir á esquerda do verbo causante (tres ocorrencias: exemplos 1 e 37), mentres que a colocación á dereita do verbo causado é menos frecuente (exemplos 40 e 42).

Predicado causado	<i>min</i>	<i>mí</i>	Total	Pro + V + I	V + Pro + I	V + I + Pro	Total
Transitivo	1	1	2	1	1	–	2
Intransitivo	4	3	7	2	3	2	7
TOTAL	5	4	9	3	4	2	9

Táboa 3. Posición dos pronomes tónicos *min* e *mí* en construcións causativas con predicado infinitivo, segundo o predicado causado sexa transitivo ou intransitivo e posición do pronome.

(P: Pronome, V: Verbo, I: Infinitivo).

Cinco construcións causativas con verbo causante *fazer* seleccionan unha forma tónica {*min*} para o suxeito do infinitivo causado, como se ve nos exemplos seguintes:

37. *min* fez meter meu coraçõ en amar tal senhor (B53)
38. se Amor matass' *alguen*, non leixaria *min* viver (B124)
39. ca assy faz *mĩ* desemparado / amor eno mundo viver (A11 <*mi*> / B101 <*mĩ*>)

No tocante a {*mí*}, nalgúns casos (exemplos 40 e 41), non hai dúbida sobre o carácter tónico do pronome:

40. Per com' Amor leixa viver / *mi* non se dev' i d' esforçar / omen contra el (B128)
41. ar fez *ela* morrer, e leixou *mi* / viver no mundo, e mal dia naci (A100 / B207)
42. e non querades, amigo, fazer / per vossa culpa *mi* e vós morrer (B1231, V836)

Noutros casos non sempre temos un fundamento claro para decidir sobre o carácter tónico ou átono do pronome. No exemplo 1 (*supra*), podemos apoiarnos na grafía <*mj*> que ofrece B, como xa explicamos; ademais, a segunda forma tónica {*mí*} do pronome replicaría a primeira {*min*}, colocada moi enfaticamente en posición inicial absoluta. Acabamos de ofrecer tres exemplos de *leixar* en construcións causativas (38, 40, 42), en que o pronome aparece expresado polos pronomes tónicos {*min*} e {*mí*}. En B / V rexístranse tres casos de {*mí*} como suxeito dos verbos *morrer* ou *viver* (B119 / A26, B212 / A 104 e B688, V290), que en principio, como intransitivos, deberan seleccionar *me*, pero preferimos consideralos casos excepcionais de emprego do {*mí*} dativo átono. Tal pode ser o caso dunha construción deste tipo que se rexistra en A, ben que aquí é máis verosímil a lectura *m'y*, xa proposta por Michaëlis na súa edición, pola referencia espacial a “en tal mundo”:

43. Viv' eu en tal mund' e faz-**mi** viver (A305)

7. O testemuño doutros textos e documentos coetáneos

A posición dos pronomes oblicuos tónicos libres na cláusula non foi analizada en ningunha das achegas que citamos. Dado que consideramos que este é un punto relevante, fixemos un repaso do corpus de exemplos que aparecen citados nesas achegas, aos que engadimos outros rexistros que puidemos colleitar directamente, para obtermos unha idea xeral da situación nos textos en prosa literaria e documental da época (séculos

XIII ao XV). Ás ocorrencias presentadas nos estudos devanditos, engadimos outras poucas de propia colleita, tirados das *Cantigas de Santa Maria* (guíndonos polo glosario de Mettmann 1981), da documentación de D. Denis e doutros textos galegos (nalgún caso localizados grazas ao TMILG). No noso repaso das ocorrencias tiradas dos devanditos contributos non tivemos en conta (e por tanto non son computados) os seguintes casos: a) os exemplos de *min* – *mí* en textos trobadorescos, pois xa os analizamos (en troques, si que tivemos en conta as ocorrencias de pronomes das outras persoas, pois non foron estudados por nós); b) os exemplos que aparecen repetidos dun a outro estudos; c) os exemplos de terceira persoa equivalentes ao clítico, pola razón aducida por A. Martins no lugar previamente citado (véxase arriba §1).

Comezaremos polos acusativos. Como se pode ver na táboa 4, máis das tres cuartas partes das ocorrencias corresponden a pronomes colocados á dereita dun verbo en forma persoal; esta é tamén a situación máis frecuente no caso dos verbos subordinados non persoais (fundamentalmente, infinitivos). A seguir, chamamos a atención sobre algúns exemplos especialmente rechamantes¹⁵:

44. desonrando *si* desonra *nós* e todo seu linhagem (Fernão Lopes) [SA]
45. *El*, amiga, achei eu andar tal / come morto (D. Denis B574 / V178) [SA]
46. ca eu non temo *ty* (*Livro de Esopo*) [SD]
47. ouve, Christo, *mym* braadando (*Leal Conselheiro*) [JN]
48. para bem viver *ty* servindo e outrém non (*Leal Conselheiro*) [JN]
49. vós, arcediagoo, agravastes contra dreyto e contra rason *m̃j* e o abbade (1290 P106) [CM]
50. Eu seria mais ledo se achasse ùa pouca de isca pera comer, que achar *ty* (*Livro de Esopo*) [BS]
51. quisera eu que tu visses *min* (*Cantigas de Santa Maria*, nº 323,22)
52. que *mí* mais que el amavas (*Cantigas de Santa Maria*, nº 132,102)
53. mercee lle peço que queira defender *mí* (*Cantigas de Santa Maria*, nº 229,34)
54. o dicto rey do Denis querendo fazer graça e mercee a filhos e filhas do dicto jnfante seu irmão legítimara tam ben *ela* come todos seus jrmãos e jirmaãs (*Livro das Lezírias*, nº 68; Lisboa, 1288)
55. Quen vós receber, *m̃* recebe (*Miragres de Santiago*, 1400ca.)
56. prométoche *m̃* et todas m̃as cousas (*Miragres de Santiago*, 1400ca.)

Dos rexistros que ofrece Said Ali, paga a pena chamar a atención sobre (44), unha cláusula en xerundio, e (45), un notable exemplo de focalización do pronome

15 As siglas serven para identificar os estudos de que tiramos os exemplos, conforme as referencias que xa demos ao comezo: SA = Said Ali; SD = Silva Dias; JN = José Joaquim Nunes; CM: Clarinda de Azevedo Maia; BS = Birte Steengard. Entre parénteses indicamos o autor ou texto medieval en que se rexistran.

(análogo a outros que vimos), nunha cantiga de D. Denis. O exemplo 46 preséntanos un caso de segunda persoa do singular *ti*; mentres que os exemplos 47 e 48 ofrecen casos de xerundio, que non rexistramos nos cancioneiros trobadorescos; nótase no 47 que o pronome é complemento directo do verbo principal e o xerundio pode interpretarse como predicativo deste, mentres que no 48 o pronome expresa o complemento directo do xerundio; en ambos os dous exemplos, o pronome vai á esquerda do verbo non flexionado. O exemplo 49 mostra como o pronome á dereita do verbo pode aparecer non inmediatamente despois deste, senón precedido doutros constituíntes oracionais “interpolados”. O exemplo 50 mostra o pronome á dereita do verbo en infinitivo. Os exemplos das *Cantigas de Santa María* mostran casos de *min* e *mi*, e concretamente o 52 ofrece un caso de focalización, co pronome colocado á esquerda do verbo. O 55 ofrece un exemplo de colocación do acusativo á esquerda do verbo.

Non pretendemos que a mostra recollida sexa estatisticamente representativa, dado que o número de casos é reducido. En troques, entendemos que debe ser bastante aproximada á situación real da lingua escrita da época, aínda que á hora de seleccionar os exemplos puidera darse preferencia aos casos de colocación á dereita do verbo, por sentírense máis típicos ou máis singulares. Pero non debe ser casualidade que os rexistros que localizamos nos *Flos Sanctorum*, os documentos de D. Denis e os textos galegos vaian na mesma liña ca a tendencia xeral.

	VFlex + Pro	Pro + VFlex (+Inf)	Pro + VFlex + Inf	V + Inf + Pro	Pro + Xer	Xer + Pro
Said Ali	5	1				1
Silva Dias	4					
Nunes	3			1	1*	1
Mattos e Silva	3					
Maia (galegos)	6		1			
Martins	4					
Stengaard	3			4		
Cantigas Sta. M ^a	2	1		1		
Flos Sanctorum	4					
Docs. D. Denis	2					
Textos galegos	3	1				
TOTAL	39	3	1	6	1*	2

Táboa 4. Posición do pronome oblicuo tónico acusativo en exemplos de textos medievais galego-portugueses (séculos XIV e XV). Elaboración propia.

No que atinxe a {min} dativo, o número de rexistros é moito máis reducido. Stengaard só dá un par de exemplos extraídos dos cancioneiros, que xa coñecemos (31 e 36). Martins ofrece catro exemplos (máis un que corresponde a {min} nos cancioneiros, polo que tampouco o computamos), pero dous deles dependen do verbo *rogar*, que, polo que comprobamos nos cancioneiros, rexía xeralmente {me} e moi raramente {mi}, de xeito que tampouco os computamos. Nos outros dous, indiscutibles, o pronome aparece á esquerda do verbo:

57. que *mĩ* paguedes outras cinquenta libras de pãa (Lisboa, 1321)
58. pela guisa que as *el* demos (S. Miguel de Vilarinho, NO de Portugal, 1353)

Os escasos rexistros que pola nosa banda atopamos na documentación coetánea confirman que esa era a posición non marcada do dativo oblicuo libre. Así, no *Livro II de D. Denis* (Marreiros 2012) e no *Livro das Lezírias d'el Rei D. Dinis* (Nogueira 2003) lemos frases como:

59. e deven *min* dar (*Livro II de D. Denis*, nº 320; Lisboa, 1294), e devedes *min* a dar... (*Livro II de D. Denis*, nº 357; Lisboa, 1295)
60. e do dicto casal *mim* deven a dar... (*ibidem*)
61. e quando morrer o homem devem *min* dar... (*ibidem*)
62. E sobre todo esto darem *mim*... (*ibidem*)
63. E do dicto casal *mim* deven dar /a dar (*Livro II de D. Denis*, nº 358, 360, 361, 362; Lisboa, 1295)
64. e devedes *mim* dar... (nº 364; Lisboa, 1295)
65. como *mim* dan (*Livro II de D. Denis*, nº 396; Lisboa, 1295), que *mjm* deron... (*Livro das Lezírias*, nº 23; Lisboa, 1305), que *mjm* pedissem... (*ibidem*)
66. aquilo que *mjm* o concelho de Sanctaren dava et outorgava e de que xi *mj* partia (*Livro das Lezírias*, nº 34; Lisboa, 1306)
67. Que si *mjm* quitava dela (*Livro das Lezírias*, nº 45; Lisboa, 1306)
68. que *mim* de ende huum stromento (*Livro das Lezírias*, nº 68; Lisboa, 1308)

Como se ve polos exemplos anteriores, e tal como se reflicte nas táboas 1 e 2, a posición á esquerda do verbo é categórica nas cláusulas subordinadas (65-68). Igualmente, nos complexos verbais (*dever* (a) + infinitivo), o pronome pode ir á esquerda do verbo principal (60, 63) ou á dereita deste (59, 61, 64), pero en todo caso sempre á esquerda do verbo subordinado en infinitivo do que dependen. Exactamente igual ocorre nos cancioneiros, como se pode comprobar nas táboas 2 e 3, con cero ocorrencias do pronome após o infinitivo subordinado. Soamente

rexistramos unha ocorrencia á dereita do verbo (62), pero esta ocorre precisamente nunha cláusula matriz cun verbo simple, o que tamén coincide co observado nos textos trobadorescos, que suxerían que neste tipo de cláusulas a posición á dereita do verbo é categórica (véxase táboa 1). Estas regras de colocación do pronome dativo oblicuo libre fan moi difícil a identificación dos casos de {*mí*}, pois a súa posición na cláusula é practicamente idéntica á do átono e homógrafo {*mi*}, e o mesmo acontecería cos eventuais rexistros de {*nós*} e {*vós*} en relación con {*nos*} e {*vos*}.

En resumo, a difícil exploración do dativo tónico libre deixa unha sensación de certa intriga, por varias razóns, entre as cales a aparente rareza dos rexistros, o feito de que practicamente todos eles correspondan (ata onde sabemos) á primeira persoa {*min*} –fóra destes só coñecemos un exemplo de terceira persoa *el* que ofrece Martins–, e a constatación de que, na hipótese de que a forma {*mí*} que rexistramos nun par de textos máis primitivos mantivese o seu uso máis aló da metade do século XIII, os rexistros correspondentes serían moi dificilmente detectables.

8. Casos dubidosos de {*mí*} / {*mí*}. Discusión

Antes de rematar, faremos unha rápida revisión de posibles casos dubidosos entre a forma tónica {*mí*} ou a átona {*mi*}. Comezaremos polos que se rexistran en A. Reproducimos as lecturas da forma pronominal do propio *Cancioneiro da Ajuda* salientadas en cursiva, no seu caso recollemos as de B entre parénteses angulares e ao final de cada liña van indicadas entre corchetes as lecturas que ofrece Carolina Michaëlis:

69. E non o pode defender / de morte, se *mi* mal fezer (A15, B108 <mj>) [*mi*]
70. Quen *mi* consello der, terrei / que muit' é bon consellador (A53 / B165 <me>) [*me*]
71. Valla *my* bon sén que vós avedes (A59 / B170 <mj>) [*valha-m'i*]
72. Valla *mí* por que non saberedes (A59 / B170 <mj>) [*valha-mi*]
73. se Deus consello non *my* der (A78 / B181a <mj>) [*m'i*]
74. que demo *mi* deu / cuita po-la nunca perder (A95 <miq> / B202<mj>) [*mi*]
75. pois *my* non an consello de pōer (A106 / B214-215 <me>) [*m'i*]
76. non *mi* porran consello, mal pecado! (A 106 / B 214-215 <me>) [*me*]
77. saber o mal... que *mi* faz (A176 / B327 <me>)¹⁶ [*mi*]
78. []a *mi* semelha cousa sen razon (A177 / B328 <Camj>) [E a *mi*]

16 Sorprendentemente, esta frase aparece repetida na mesma cantiga, e as formas que se rexistran en A e B son as alternativas: A <que *me* faz> / B <que *mj* faz>.

En todos os casos devanditos, en principio cabería interpretar que estamos ante dativos, {mi} átono ou, tendo en conta que esta forma é insólita en A, {min} / {mi} tónico. Arguta editora, dona Carolina decatouse do carácter anómalo desas formas, e, salvo en catro casos –talvez por descoído: 69, 72, 74 e 77–, procurou lecturas alternativas: en catro ocasións (exemplos 71, 73, 75 e 80), recorreu ao adverbio pronominal e leu *m’y*, noutros dous deu preferencia á lectura <me> de B (70 e 76), noutro máis (78) resolveu a lagoa de A como <e> e así interpretou *a* como preposición, contradicindo a lectura de B (*E a mi* e non *Ca mi*), e finalmente, noutro máis (79), entendeu que da forma *valla* debía deglutinarse unha preposición: *vall’a min*¹⁷.

Na nosa opinión, a lectura *m’y* que dá dona Carolina é acaída para os exemplos 73 e 75, e mais para a 70 e 76, pois en todos eles aparece a construción *põer / dar consello*. Así, lemos noutras cantigas expresións semellantes como “non sey *y consello* que *fillar*” (A121 / B237), “mays este *conselho* cuid’y *aver*” (B820 / V405), “non á y *conselho* nen *mesura*” (B887 / V471)¹⁸. Mesmo así, non se pode excluír que se trate de ocorrencias excepcionais de {mi} dativo átono. Así, nos exemplos 71 e 72 é posible unha lectura *Valla-mi* (con {mi} átono oblicuo)¹⁹ aínda que non se podería descartar unha lectura *vall’a mi / min*, que é xustamente a que adopta a ilustre filóloga noutro lugar:

79. nunca me *valla min* Nostro Sennor (A227 / B402 <mi valha amj> / V227 <mi valha ami>) [valh’a min]

Porén, ao noso parecer, neste último caso, o texto de A suxire que se trata dunha construción de redobro co pronome tónico oblicuo, da cal temos máis exemplos en A:

80. nen me val Deus, nen *min* poss’eu valer (A51, B163: nen mj val Deus nen me poss’eu valer)²⁰

17 Un paso similar rexístrase en B698 / V555, “E nuncas *valha* que mi mal buscar”, que parece esixir a deglutinación: “valh’a que mi mal buscar”. Unha ambigüidade semellante ofrecen outras lecturas, como “Disseron-vos, fremosa mia senhor, / que me non *mata mj* o voss’ amor [...] ca me non *mata mj* o voss’ amor” (B 999 / V 588), ben que neste caso a frecuencia de aparición do pronome tónico oblicuo co verbo *matar* aconsella a interpretación a favor do oblicuo tónico.

18 Pola contra, Nobiling (2007: 178) defende a lectura *mi*, baseándose no *me* de B. Pero este autor non é consciente de que A e B reflicten sistemas diferentes, tal como sinalamos atrás.

19 Téñase en conta que o verbo *valer* co sentido de ‘ser útil’, nos textos portugueses medievais e concretamente en B / V, aparece rexendo *mi* cunha frecuencia similar. Na acepción de ‘auxiliar’ rexe *me*.

20 De todos os xeitos, é de notar que neste caso se trata dunha oración reflexiva, un tipo de construción que pode favorecer a selección do pronome tónico oblicuo.

Nos exemplos 69, 74 e 77 coidamos que se impón aceptar a lectura do *Cancioneiro da Ajuda*, interpretando que estamos ante exemplos excepcionais de {mi} átono oblicuo ante consoante²¹. Na mesma liña, no exemplo 76 parece lóxico apoiarse na lectura de B e repoñer “[C]a mi semella cousa sen razon”, de xeito que se trataría doutro rexistro de {mi} dativo átono. No caso das dúas cantigas de Johan Soarez Coello (A176 e A177), a aparición desta forma non pode deixar de relacionarse con outra variantes insólitas que se rexistran no ciclo deste autor en A, como *dixi* (por *dixe*) ou *lli* (por *lle*), como mostraremos noutro traballo en curso.

Por outra banda, nos manuscritos trobadorescos rexístranse outras grafías <mi> – <mj> para pronomes oblicuos que poderían ser interpretables como casos de {mí} tónico:

81. Ídesvos vos ora e tan grand’affam / leixades *mj* co meu coraçon... (B836 / V422)
82. Por quanto sabedes que *mi* quer servir / máis que outra ren (B710 / V311)
83. Quando chaman Johan Airas reedor, ben cuid’eu logo, / per boa fe, que *mi* chaman (B1462 / V1072)
84. ando-me por én sandeu / por quanto *mj* faz cuidador / d’aver eu ben (B731 / V332)
85. mais que *mi* queren creente fazer? (B1115 / V706)
86. Alguen vos diss’, amig’, ..., / por *mi* mizcrar convosco, que falei / con outr’omen (B1039 <mj>/ V629 <mi>)
87. e rog’a Deus que *mi* perçades y (B1172 / V778)
88. nunca roubei ren / nen matei omen nen ar mereci / por que *mi* deitassen (V1035)

No exemplo 81 o pronome vai á dereita do verbo, o que, nun contexto oracional en que o cuantificador *tan* vai á esquerda do verbo, suxire consideralo tónico. Unha posibilidade alternativa sería emendar a lectura do treito, corrixindo <tã> para <cõ> e <co meu> para <e o meu>, e así quedaría: “Ídesvos ora e con grand’afan / leixades mí e o meu coraçon”. Canto ao exemplo 82, trátase indubidablemente dun complemento directo, así que se impón a interpretación como {mí} tónico, que viría xustificado pola estrutura comparativa en que aparece contrastado con “outra ren”. Pola súa parte, a cláusula do exemplo 83 aparece nunha cantiga satírica breve,

21 No exemplo 74, en A, a forma <mio> está corrixida, cun punto baixo o <g>, o que nos parece moi revelador: para a nosa idea, o copista de A, ao ler <mi> no orixinal, entendeu que se atopaba ante a secuencia <mio>, corrente neste manuscrito, e só despois se decatou de que esta forma correspondía a unha variante *mi* do pronome que lle era estraña nun contexto anteconsonántico. Sobre as peculiaridades lingüísticas do ciclo a que pertence esta cantiga xa foron sinalados outros aspectos en Montegudo 2013: 241-246.

na cal o trobador Johan Ayras de Santiago se queixa das confusións provocadas porque un barbeiro (*reedor*) teña o seu mesmo nome: ‘cando chaman o Johan Ayras reedor, coído que me chaman a min (en vez de a el)’²². Nesa interpretación, trataríase dun acusativo oblicuo tónico. Alternativamente, aínda habería a posibilidade de interpretar “que m’y chaman”.

Canto aos exemplos 84 e 85, unha interpretación plausible sería que en ambos os casos estamos ante {mí} acusativo, cuxa tonicidade se explicaría porque vai acompañado dun complemento predicativo. Outra posibilidade sería considerar que estamos ante {mi} dativo átono, caso que se podería explicar porque vén rexido polo verbo que tipicamente expresa a predicación causante das construcións causativas (*fazer*), xa que nestas, como sabemos, cando o verbo que expresa a predicación causada é transitivo, o suxeito aparece pronominalizado en dativo. A analogía coa construción predicativa é evidente: ‘por quanto *mi* faz cuidar d’aver eu ben’, ‘que *mi* queren fazer crer (esso)’²³. Tamén nestes casos, sería aceptable a alternativa de postular a presenza dun pronominal *y*.

Finalmente, en 86 poderíamos ter tamén un acusativo tónico, que se explicaría polo contraste con vós (*convosco*), aínda que esta interpretación resulta dubidosa. Entendemos que nese exemplo, igual que en 87 e 88, a lectura correcta é *m’y*, ben que no exemplo 87 a reiteración do adverbio pronominal resulta chocante.

9. Conclusións

En conclusión, o presente contributo ofrece unha descrición razoablemente ampla e sistemática dun aspecto moi complexo da morfosintaxe do galego-portugués tratado ata agora de xeito marxinal e bastante barallado: o uso libre, non rexido por preposición, dos pronomes tónicos oblicuos {min} e {mí}. Así, a partir do testemuño dos cancioneiros trobadorescos tentouse desfacer algúns malentendidos, como a suposta existencia dunha forma {mi} átona de acusativo. Igualmente, esclarecéronse puntos escuros ou confusamente considerados ata o momento como a necesaria distinción entre o alomorfo asilábico {mí} do pronomes oblicuo, acusativo e dativo, de {mi} átono dativo, e ambos os dous de {mí} tónico acusativo

22 Esta é a interpretación que adopta Rodríguez (1980: 312), pero sen discutir a cuestión. Unha interpretación alternativa podería ser ‘cando chaman a Johan Ayras «reedor», penso que mo chaman a min’, pero neste caso estaríamos ante un altamente dativo. Véxase un exemplo semellante no *Flos Sanctorum*, pero con dativo átono: “Desque eu naci houvi nome Payaa, mais toda a vila mi chamam Margarida”, Machado Filho 2009: 65).

23 É notable que nesta cantiga, a frase en foco, que aparece no verso inicial do refrán, aparece repetida por dúas veces como “mi fez coidar / cuidar”, coa forma verbal no canto do nome deverbal.

libre. Finalmente, presentáronse argumentos para resolver unha boa parte dos casos dúbidosos que se rexistran nos cancioneiros trobadorescos.

No *Cancioneiro da Ajuda* detectouse a presenza dun mangado de formas de {mi} do dativo átono, anómalas dentro do sistema xeral representado no conxunto do cancionero, e que poden ser indicativas dalgunhas peculiaridades do seu proceso de compilación ou traslado. Nos apógrafos italianos salientouse a pertinencia do uso da grafía <mh>, como distinta de <mi> — <mj>; chamouse a atención sobre a tendencia a obviar a representación do til de nasalidade sobre as formas que representan o acusativo tónico libre (<mj> por <m̃j>) e sobre unha aparente menor frecuencia de uso de {min} — {mí} acusativo libre. Tamén se mostrou que existiu un {min} dativo libre, aínda que foi escasamente usado, mentres que as ocorrencias de {mí} dativo son moi temperás e extremadamente escasas. A partir da argumentación desenvolvida, é de subliñar a recomendación de que nas edicións dos textos medievais, e particularmente nos líricos, se respecten as formas gráficas de tipo <mh> polo seu carácter distintivo fronte a <mi>.

En definitiva, a presente é unha achega non carente de relevo para un mellor coñecemento da gramática do galego-portugués e concretamente para o estudo da lingua trobadoresca. As implicacións das conclusións a que se chegou no estudo do proceso de constitución da tradición manuscrita serán tratadas nun traballo de próxima publicación.

Recursos en rede

GLOSSA = Ferreiro, Manuel (dir.) (2018-). *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. Universidade da Coruña <http://universocantigas.gal>
ISSN 2605-1273

Projeto littera = Lopes, Graça Videira; Ferreira, Manuel Pedro et al. (2011-). *Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de dados online]*. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA: <http://cantigas.fcsh.unl.pt/>

TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-). *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega: <http://ilg.usc.es/tmilg>

Referencias

Ali, Manuel Said (1966). *Gramática Histórica da Língua Portuguesa* (6ª edición). São Paulo: Melhoramentos.

Revista Galega de Filoloxía, 2019, 20: 91-118

ISSN 1576-2661 / e-ISSN 2444-9121 

- Cancioneiro da Ajuda* (1994). Lisboa: Távola Redonda.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci Brancuti). Cod. 10991. Reprodução facsimilada* (1982). Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional – Casa da Moeda.
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803)* (1973). Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura.
- Carter, Henry (1975). *Cancioneiro da Ajuda. A Diplomatic Edition*. New York: Klaus Reprint.
- Dias, Epiphany da Silva (1970). *Sintaxe Histórica Portuguesa* (5ª edición). Porto: Livraria Clássica.
- Huber, Joseph (1984). *Gramática do Português Antigo*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Machado Filho, Américo V. Lopes (2009). *Um «Flos Sanctorum» trecentista em português*. Brasília: Universidade de Brasília.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986). *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Marreiros, Rosa (2012). *Chancelaria de D. Dinis. Livro II*. Coimbra: Terra Ocre.
- Martins, Ana Maria (1994). *Clíticos na História do Português*. Lisboa: Universidade de Lisboa. Dissertação de Doutoramento inédita.
- Martins, Ana M. (2001). *Documentos Portugueses do Noroeste e da Região de Lisboa. Da Produção Primitiva ao Século XVI*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- Martins, Ana M. (2004). “Ambiguidade estrutural e mudança linguística: a emergência do infinitivo flexionado nas orações complemento de verbos causativos e perceptivos”. En Ana M. Brito, O. Figueiredo / C. Barros (eds.), *Linguística Histórica e História da Língua Portuguesa. Actas do Encontro de Homenagem a Maria Helena Paiva*. Porto: Universidade do Porto, 197-225.
- Mattos e Silva, Rosa V. (2008). *O Português Arcaico. Uma Aproximação*. 2 vols. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.
- Mettmann, Walter (ed.) (1981). *Afonso X o Sábio. Cantigas de Santa Maria*, 2 vols. Vigo: Edición Xerais de Galicia.
- Michaëlis de Vasconcellos, Carolina (1920). “Glossário do *Cancioneiro da Ajuda*”, *Revista Lusitana*, 23 (1920), 1-95.
- Michaëlis de Vasconcellos, Carolina (1990). *Cancioneiro da Ajuda. Edição crítica e commentada*, 2 vols. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.

- Molteni, Enrico (1880). *Il Canzoniere Portoghese Colocci-Brancuti, pubblicato nelle parti che completano il Codice Vaticano 4803*. Halle: Max Niemeyer.
- Monaci, Ernesto (1875). *Il Canzoniere Portoghese della Biblioteca Vaticana*. Halle: Max Niemeyer.
- Monteagudo, Henrique (2013). “«Cuita grand’e cuidado» (A 32) / «Coita grand’e coydado» (B 174). Estratigrafía da variación lingüística nos cancioneiros trobadorescos”, *Boletín da Real Academia Galega*, 374, 207-299.
- Monteagudo, Henrique (no prelo): “Variación e cambio lingüístico no galego-portugués (s. XIII-XIV): os clíticos *me / mi* e *lle / lhi* e outras formas en <-e> final”, *Boletín da Real Academia Galega* 380.
- Nobiling, Oskar (2007 [1907]). “Acerca do Texto e da Interpretación do *Cancioneiro da Ajuda*”. En Oskar Nobiling, *As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos*. Niterói: Editora da Universidade Federal Fluminense, 173-218.
- Nogueira, Bernardo Sá (2003). *O Livro das Lezirias d’El Rei Dom Dinis*. Lisboa: Universidade.
- Nunes José Joaquim (1975). *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa. Fonética e Morfologia* (8ª edición). Lisboa: Livaria Clássica.
- Paxeco Machado, Elza / Machado, José Pedro (1949-1964). *Cancioneiro da Biblioteca Nacional. Antigo Colocci-Brancuti*, 8 vols. Lisboa: Revista de Portugal.
- Pensado, Carmen (1995). “La creación del complemento preposicional y la flexión de los pronombres personales en las lenguas románicas”. En Carmen Pensado, *El complemento directo preposicional*. Madrid: Visor, 179-233.
- Rodríguez, José L. (1980). *El cancionero de Joan Airas de Santiago*. Santiago: Universidade.
- Silva, Maria Cristina Vieira da (1997). “As construções causativas em textos notariais dos séculos XIII e XIV”. En Ivo Castro (ed.), *Actas do XIII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Braga-Guimarães 1996)*, vol. II, 289-295.
- Sousa Fernández, Xulio C. (1998). *Estudio diacrónico das construcións con mandar como verbo de orde en galego*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento inédita.
- Sousa Fernández, Xulio C. (2004). “O comportamento da construción causativa *deixar* + infinitivo en galego”. En Teresa Amado Rodríguez *et al.* (eds.), *Icundi acti labores : estudos en homenaxe a Dulce Estefanía Álvarez*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 187-192.
- Sousa Fernández, Xulio C. (2012). “Esquemas causativos en galego, portugués europeo e portugués brasileiro”. En Xoán Lagares / Henrique Monteagudo (eds.), *Galego e portugués brasileiro: história, variação e mudança*. Niterói: Universidade Federal

Fluminense; [Santiago de Compostela:] Universidade de Santiago de Compostela, 175-190.

Stengaard, Birte (2003). “El uso libro de los pronombres personales tónicos oblicuos en el gallego-portugués medieval: características sintácticas e implicaciones diacrónicas”. En Fernando Sánchez Miret (ed.), *Actas del XXIII Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románica*. Tübingen: Max Niemeyer, vol. II, 425-433.